

Decembro 2011

Centros de atención a persoas con discapacidade Convocatoria para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral

Se non tes o título de FP de Técnico en Atención Sociosanitaria pero se tes experiencia laboral (mínimo de 3 anos) ou formación (mínimo 300h) en ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS OU NO DOMICILIO

PRAZO DE INSCRICIÓN: Ata o 31 de decembro de 2011.

COMO? Entregando nun Rexistro Público os seguintes documentos, que podes obter na páxina web <http://traballoebenestar.xunta.es> premendo no botón "rExp"

- Anexo III cuberto (é a solicitude) no que debes indicar as Unidades de Competencia que solicitas de acordo co Anexo I.
- Anexo IV cuberto (é o teu currículo)
- Anexo V cuberto (é unha declaración xurada)
- Copia cotexada do DNI (xa a cotexan no Rexistro Público)
- Vida Laboral (solicítase no 901502050 da Tesorería General da SS)
- Anexo VI cuberto pola empresa (no seu defecto copia do contrato laboral)

PARA QUE? Ao remate do proceso a Consellería de Traballo expedirache unha acreditación de cada unha das Unidades de Competencia solicitadas e superadas. Se superas todas as correspondentes a un Certificado de Profesionalidade (mira o Anexo I) terás ese recoñecemento, que convalida boa parte dos módulos do Ciclo Medio de Atención Sociosanitaria e acredita de maneira oficial a túa experiencia nese ámbito.



SOBRE OS TEMARIOS DAS PROBAS: Logo das informacións que nos trasladou algún persoal que traballa nestes centros, e que xa se presentaron a estas probas con anterioridade, no senso de que a práctica totalidade das preguntas estaban relacionadas co sector de xeriatría e o coidado de persoas maiores, desde a CIG-Ensino faremos as xestións oportunas para que isto sexa corrixido nas vindeiras convocatorias, e se adapten ao perfil profesional da xente que se presenta.

Para máis información, consulta a convocatoria no DOG do 30/11/2011.

Preséntate á convocatoria para obter o certificado de profesionalidade!

O luns, día 19 de decembro, concentración de delegados/as da CIG Por un convenio de ámbito galego que garanta a continuidade e calidade do servizo e mellore as condicións de traballo do persoal

Contra o deterioro das condicións laborais e salariais do persoal dos centros de atención a persoas con discapacidade

Como xa temos informado con anterioridade, xa se constituíu a Mesa Negociadora do XIV Convenio Colectivo de ámbito estatal, que desenvolverá as reunións a partir do día 14 de decembro. En base á experiencia das negociacións anteriores, e co precedente recente da sinatura o pasado día 29 de outubro do “Acordo de Sostenibilidade do Sector” por parte das patronais máis importantes, e as organizacións sindicais CCOO e UGT (que fala de contención salarial, flexibilidade funcional e da mobilidade, eliminación do complemento de antigüidade e creación doutro ligado aos “méritos”, acordos concretos dentro da empresa, etc.), xa se pode sospeitar que, unha vez máis, ese marco de negociación, rematará coma os outros, é dicir, coa perda de dereitos e empeoramento das xa de por si precarias condicións que se recollen no texto actual. Desta vez, ademais, está o argumento da crise como desculpa para que paguen as súas consecuencias os/as de sempre, os/as traballadores/as e, en consecuencia o propio servizo e os seus usuarios.

Por iso, desde a CIG-EnsinO seguiremos insistindo na necesidade de que se traslade ese marco de negociación e sexa a Administración Galega, que é quen tén as competencias neste sector, a que asuma a súa responsabilidade para manter e mellorar a calidade dun servizo social que xa debiera ser de carácter público, só con adquirir dous compromisos:

1º) Os centros dos que estamos a falar están pasando por unha situación crítica, debido á escaseza de recursos e aos atrasos nos pagos das subvencións que reciben da Administración. É necesario pois, incrementar as partidas presupostarias para o sector, que foron reducidas de xeito drástico nos últimos anos, e pagalas puntualmente, dado que diso depende que moitos deles non desaparezan, ao ser, na súa maioría, xestionados por asociacións sen ánimo de lucro.

2º) Demandamos tamén da Administración Galega, a través das Consellerías con competencias nesta área, que tome a iniciativa, de cara a negociar un

Convenio Galego no que participen as tres partes afectadas, a propia Administración, as patronais do sector, e as organizacións sindicais, en función da súa representatividade. Mellorando a formación e as condicións de traballo do persoal destes centros, estaríamos contribuindo tamén a mellorar a calidade do servizo. Este é, ademais, o único xeito posible de conquistar melloras para o sector. Melloras que non van chegar nunca a través do marco de negociación actual.

Por estes motivos e con estas demandas, é polo que a CIG-EnsinO convoca unha **concentración de todos os seus delegados e delegadas do sector o vindeiro luns, día 19 de decembro, ás 11 horas, diante do edificio da Xunta, en San Caetano**, con entrega e rexistro dun escrito no que así se faga constar. Posteriormente, ás 12 horas, farase unha Asemblea informativa e de recollida de suxestións que os/as representantes sindicais nos trasladen dos seus centros.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com